

Acta Reunión Extraordinaria Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 11 de abril de 2018

Hora: 12:30

Lugar: Sala de Xuntas 3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

David López Vilariño

Francisco Omil Prieto

José Varela Pet

M^a Carmen Palacios Oubiña

Ausencia Xustificada: Gumersindo Feijoo Costa

Puntos a tratar:

1. Informes.
2. Aprobación da memoria de calidade.
3. Aprobación do Informe de Queixas, Suxestións e Reclamacións.
4. Manual do SGIC.
5. Quenda aberta.

1. Informes.

A Xestora informa de que se están a revisar os convenios con empresas vixentes para cada titulación. Cómpre ver cales están realmente activos e decidir cales seguen a ser interesantes. Aproveitando o feito de que o novo sistema adoptado pola USC no ano 2016 obriga a un formato diferente, a idea é abandonar os convenios que xa non resulten de interese. É preciso que os coordinadores de titulación fagan unha revisión completa e dean prioridade aos acordos máis importantes.

2. Aprobación da memoria de calidade.

O Director comeza indicando que por vez primeira vaise afrontar unha acreditación conxunta das nosas titulacións. De seguido pasa a expoñer a estrutura en seis apartados dunha memoria que, se ben é certo que alcanza as 70 páxinas, ven a substituír a cinco Informes de Seguimento.

A Introducción inclúe modificacións nos planos de estudos dos títulos, acreditacións en vigor e Plano Executivo de Calidade; a sección de revisión do Plano Estratéxico recolle unha estimación do 70% de cumprimento xeral; no apartado do Sistema de Garantía de Calidade destácase que non existe evolución dende a súa implantación no ano 2016, pois ficamos á espera do novo manual de procedementos; con respecto á Avaliación do Panel de Indicadores, dado o considerable número de parámetros incorporados, optouse pola súa agrupación en sete categorías diferentes; os Resultados do SGC están organizados segundo seis directrices non modificables, catro delas a nivel de centro (números 1, 4, 5 e 6) e as outras dúas a nivel de titulación (2 e 3); por último, o apartado do Plano de Melloras relaciona directrices, criterios e accións de mellora, identificando os roles responsables e incluíndo obxectivos cuantificables.

O Director sinala que, logo da validación por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC, o documento debe ser aprobado en Xunta de Escola. Non obstante, ao haber marxe

suficiente, a súa intención é difundilo antes entre os grupos de interese; de haber aportacións de calado haberá de ser traído de novo á Comisión de Calidade.

A profesora Julia González pregunta que é o que sucede se non se acadara estritamente un obxectivo marcado. Cita como exemplo o caso dunha acción de mellora relativa a mobilidade para a cal se alcanza un índice do 9,5% en lugar do 10% desexado. O Director resposta que se pode considerar tecnicamente cumprido.

Non habendo máis comentarios, apróbase por asentimento a Memoria de Calidade da ETSE relativa ao curso académico 2016-2017.

3. Aprobación do Informe de Queixas, Suxestións e Reclamacións.

Tal e como está previsto no Sistema de Garantía de Calidade, este informe ficaba pendente de aprobación pola Comisión de Calidade. O Director lembra que, dentro da Unidade de Apoio á Xestión da ETSE, é a Secretaria Administrativa do Departamento de Electrónica e Computación, Ana Rodríguez Otero, quen se responsabiliza deste ficheiro que se atén escrupulosamente á Lei Orgánica de Protección de Datos.

Polo demais, o Director destaca que o documento queda articulado en 12 categorías, das cales 3 son xerais, 8 corresponden a cada unha das titulacións adscritas á ETSE e a última dedícase aos títulos extinguidos. Logo de resumir as queixas recibidas e o xeito en que foron manexadas, remata comunicando que no futuro este informe haberá de ser emitido anualmente.

O Informe de Queixas, Suxestións e Reclamacións queda aprobado por asentimento.

4. Manual do SGIC.

Na web da ACMP (<http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/sgic.html>) figura a nova documentación, aprobada pola Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno o 23 de febreiro de 2018. O Director chama a atención sobre dúas cuestións: por unha banda, nesta nova versión non todo depende do centro, senón que agora existe un nivel institucional; pola outra, os centros dispoñen dun ano para adaptarse ao novo marco. Dado este prazo, a ETSE haberá de axustar o seu SGC durante o primeiro cuadrimestre do curso 2018-2019. Neste proceso precísase a máxima transparencia, razón pola cal, do mesmo xeito no que xa se fixo no pasado resultando moi productivo, se pedirá con tempo realimentación aos grupos de interese.

5. Quenda aberta.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:08 h.